




XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

10 Pasos para hacer un Stop Motion.



10 pasos para hacer un Stop Motion

Formador. Lucas Rey Seoane



centro de
formación e recursos

Que é un Stop Motion?

O stop motion é o arte de crear a ilusión de movemento a partir da gravación individual de sucesivos fotogramas sometidos á manipulación, xeralmente manual, de obxectos sólidos, marionetas, plastilina, papel, pintura, tiza, area... sobre un espacio físico.

10 pasos para facer un Stop Motion.

- | | | | |
|---|--|----|---|
| 1 | Planificar a escena e a animación. | 2 | Calcular a duración da animación e os fotogramas a capturar. |
| 3 | Colocar a cámara, móbil ou tablet nun trípode e encadrar o plano. | 4 | Iluminar a escena mediante os paneis LED. |
| 5 | Configurar a aplicación de captura de imaxes fixas na tablet. | 6 | Capturar imaxes fixas mentres imos movendo os obxectos da escena. |
| 7 | Exportar o clip de vídeo dende a aplicación. | 8 | Importar o clip de vídeo gravado nun software de edición. |
| 9 | Editar o clip de vídeo engadindo transicións, títulos, efectos e música. | 10 | Exportar o vídeo en formato MP4. |

Pasos para hacer un Stop Motion.

5

Configurar a aplicación de captura de imaxes fixas na tablet.

1. Abrir Stop Motion Studio.
2. Crear unha nova película.
3. Pulsar sobre a icona  para acceder á configuración da película. Aparecerá unha banda inferior onde estableceremos os seguintes axustes:
 1. Velocidade da película: [12 fotogramas por segundo](#) (cantos máis, máis fluído será o movemento).
 2. Relación de aspecto: [16:9](#) é o estándar da TV HD (os formatos máis panorámicos son propios do cine e os máis cadrados da televisión clásica).
 3. Calidade: [HD](#) 1080.

Pasos para hacer un Stop Motion.

5

Configurar a aplicación de captura de imaxes fixas na tablet.

4. Pulsar sobre a icona  para acceder á configuración da cámara. Aparecerá unha banda inferior onde estableceremos os seguintes axustes:

1. Enfoque e exposición: [AL](#) (Automatic and Locked, automáticos e bloqueados) ou [M](#) (Manuais, para evitar cambios de enfoque ou exposición entre fotogramas).

E só no modo manual:

2. Balance de brancos: Segundo a luz empregada e pulsar [Bloqueado](#).

3. Enfoque: Axustar manualmente.

4. ISO: Axustar ao menor valor posíbel.

5. Obturación: Axustar manualmente.

Pasos para hacer un Stop Motion.

6

Capturar imaxes fixas mentres imos movendo os obxectos da escena.

1. Pulsar o Disparador  para capturar o primeiro fotograma.
2. Mover lixeiramente a figura ou figuras.
3. Pulsar o Disparador para capturar o segundo fotograma.
4. Mover lixeiramente a figura ou figuras.
5. Etc.
6. Pulsar o botón de Play para reproducir a animación.

Pasos para hacer un Stop Motion.

6

Capturar imaxes fixas mentres imos movendo os obxectos da escena.

7. Tamén podemos empregar o Temporizador  para tomar instantáneas a intervalos regulares de tempo de 1 segundo, 2, 3, 4, etc.
8. E por último podemos ir monitorizando os movementos fotograma a fotograma, e correxir erros botando man das Capas  na barra da parte esquerda.

Pasos para hacer un Stop Motion.

7

Exportar o clip de vídeo dende a aplicación.

1. Pulsar na icona  e escoller a opción Exportar Película.
2. Seleccionar Gardar Como e dar un nome á película para obter o arquivo de vídeo en formato MP4.

Pasos para hacer un Stop Motion.

8

Importar o clip de vídeo gravado nun software de edición.

1. Abrir Shotcut.
2. Crear un novo proxecto. Escolleremos o Modo de vídeo coincidente coa configuración de vídeo que empregamos ao gravar o vídeo (1080p e 25fps, 720p e 30fps, etc.).
3. Importar o arquivo e vídeo gravado. Para iso, imos ao panel Lista de reprodución, e pulsamos na icona da barra inferior Engadir arquivos á lista de reprodución .

Pasos para hacer un Stop Motion.

9

Editar o clip de vídeo engadindo transicións, títulos, efectos e música.

1. Engadir fundidos de entrada e saída de vídeo seleccionando un clip de vídeo e indo ao panel Filtros, ou pinchando sobre unha esquiña do clip (no círculo negro) e arrastrando cara a dereita ou esquerda.
2. Editar o brillo, o contraste, a saturación ou a corrección de cor dun clip seleccionando un clip de vídeo e indo ao panel Filtros.
3. Crear títulos de texto. Para iso imos á icona Abrir outro da barra de menús superior, seleccionamos Texto e na ventá emerxente pulsamos en Engadir á liña de tempo, creándose un clip de vídeo nunha nova pista.
4. Engadir música ou efectos de son se é necesario. Para iso comezamos importando os arquivos de audio, despois engadindo unha nova pista de audio, e finalmente arrastrando os arquivos até a nova pista.

Pasos para hacer un Stop Motion.

10

Exportar o vídeo en formato MP4.

1. Facer clic co rato sobre a icona Exportar na barra de menús superior.
2. Escoller o formato de exportación na ventá emerxente. Unha boa opción é o formato para Youtube, que da como resultado un arquivo de vídeo en MP4 (H.264) ideal para subir o vídeo á rede. Asegurarémonos de ter marcada a opción de exportar dende a liña de tempo.